

PLAN DE CONVIVENCIA

IES do CAMIÑO (Palas de Rei)

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	4
1.1.- XUSTIFICACIÓN NORMATIVA	4
1.2.- FINALIDADE DO PLAN DE CONVIVENCIA E XUSTIFICACIÓN TEÓRICA	6
1.3.- AXENTES REPOSABLES	8
2.- ANÁLISE E DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO IES DO CAMIÑO	11
2.1.- DESCRICIÓN DO CONTEXTO	11
2.2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN	12
2.3.- NECESIDADES DETECTADAS	13
3.- OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA	14
3.1.- OBXECTIVOS XERAIS	15
3.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	16
4.- NORMAS DE CONVIVENCIA	18
4.1.- FUNCÍONS, DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA	18
4.2.- REGULACIÓN DOS TEMPOS E CIRCULACIÓN DAS PERSOAS	18
4.3.- REGULACIÓN DOS ESPAZOS E DOS EQUIPAMENTOS	18
4.4.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DO CENTRO: DEFINICIÓN, CORRECCIÓN, GRADACIÓN, PRESCRICIÓN, PROCEDEMENTO CONCILIADO, RESOLUCIÓN DE CONFLITOS .	18
5.- MEDIDAS DE ACTUACIÓN E COMPLEMENTARIAS ORIENTADAS Á PREVENCIÓN DE CONFLITOS	19
5.1.- MEDIDAS PREVENTIVAS ANTES DO COMEZO DO CURSO ESCOLAR	19
5.2.- PROGRAMA TEI	20
5.2.1.- XUSTIFICACIÓN	20
5.2.2.- FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E MARCO LEGAL DO PROGRAMA TEI	21
5.2.3.- OBXECTIVOS	23
5.2.4.- METODOLOXÍA	23
5.2.5.- SECUENCIACIÓN	24
5.3.- MEDIDAS PREVENTIVAS AO COMEZO DO CURSO ESCOLAR	26
5.4.- MEDIDAS PREVENTIVAS DURANTE TODO O CURSO ESCOLAR	27
5.5.- OUTROS PROCEDEMENTOS DE TIPO ORGANIZATIVO	29
5.5.1.- Atención á diversidade	29
5.5.2.- Reunións de equipos docentes	30

5.5.3.- Acollida do novo alumnado e profesorado	30
5.6.- CANLES DE COMUNICACIÓN NO CENTRO PARA O ALUMNADO E AS FAMILIAS	32
5.6.1.- Caixa de suxestións	33
5.6.2.- Enquisas titoriais para o alumnado	33
5.6.3.- Comunicación coas familias	34
5.7.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DAS RELACIÓNS ENTRE OS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE E DA RELACIÓN DO CENTRO CO SEU ENTORNO	35
5.8.- PROGRAMA DE MEDIACIÓN ESCOLAR	36
5.8.1.- Mediación entre iguais	36
5.9.- AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA	37
5.9.1.- Directrices para a derivación dun/ha alumno/a á aula de convivencia (AC)	37
5.9.2.- Profesorado que atenderá a aula de convivencia	38
5.9.3.- Programación das actuacións do Departamento de Orientación para favorecer o proceso de reflexión do alumnado	38
5.9.4.- Horario, localización e materiais didácticos	38
5.10.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS	39
5.11.- ANPA	40
5.12.- ESCOLA DE NAIS E PAIS	40
5.13.- PLAN DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO DE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR	41
5.14.- ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR	43
5.15.- PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	44
6.- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA	44
7.- DIFUSIÓN DO PLAN	45
8.- SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN	46

1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- XUSTIFICACIÓN NORMATIVA

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A partir da **Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE)**, tamén segundo a redacción dada pola **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa (**LOMCE**), tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu Plan de Convivencia, que pasará a formar parte do Proxecto Educativo do centro. Así mesmo, no preámbulo desta mesma norma dise que “ocupa un lugar relevante, na relación dos principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza”. Ademais, “proponse o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes” como un dos fins do sistema educativo, e para a súa consecución faise extensivo a todos os niveis educativos e a todos os membros da comunidade escolar o obxectivo de traballar “a convivencia e a relación social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos”.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao Plan de Convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no Proxecto Educativo de cada centro (PEC).

Así mesmo, o **artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluirá un Plan de Convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no **artigo 3 da Lei 4/2011** e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito Plan de Convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá,

sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Ademais, será ao longo dos **artigos 12 ao 17** deste mesmo decreto onde se recollerán os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do Plan de Convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración.

A elaboración do Plan de Convivencia non debe entenderse como unha tarefa estritamente burocrática dos centros, senón que suporá a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, de aí que sexa conveniente que na súa elaboración haxa o maior consenso posible e participación da comunidade educativa.

O Plan de Convivencia será elaborado pola comisión de convivencia creada segundo establece a normativa ou, cando esta non estivese constituída, polo Equipo Directivo, e será aprobado polo Consello Escolar do centro (artigo 10.1 da Lei 4/2011), estando, polo tanto, representados todos os sectores da comunidade educativa; e polo director, segundo o artigo 132, ñ, da LOE.

Por outra banda o *Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.*”; reza, entre outras cousas, o seguinte:

Artigo 8. Medidas ordinarias.

1. No marco deste decreto, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nos diferentes ensinos.

2. *Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensino, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:*

....

e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

....

l) Programas de habilidades sociais.

1.2.- FINALIDADE DO PLAN DE CONVIVENCIA E XUSTIFICACIÓN TEÓRICA

Tendo en conta o establecido no preámbulo da LOMCE, no que se establece que “o reto dunha sociedade democrática é crear as condicións para que todos os alumnos e alumnas poidan adquirir e expresar os seus talentos”, en definitiva, o compromiso cunha educación de calidade como soporte da igualdade e a xustiza social; partiremos das seguintes premisas na construción dun ensino de calidade no noso centro:

1. Ensino para a vida en sociedade, inserido nas necesidades do medio máis próximo, pero que mire o conxunto dos problemas da humanidade.
2. Ensino en valores, no que se aprenda convivindo de maneira responsable, solidariamente, libre e resolvendo os problemas mediante a cooperación.
3. Ensino democrático, no que todos e todas desexemos e poidamos participar co interese que a nosa actividade merece, xestionándoa democraticamente.
4. Ensino inclusivo, que implique que todos os mozos e adultos dunha determinada comunidade aprendan xuntos independentemente da súa orixe, as súas condicións persoais, sociais ou culturais, incluídos aqueles que presentan calquera problema de aprendizaxe ou discapacidade.

Ademais, é preciso seguir traballando na procura de obxectivos como a preparación para participar na vida social e cultural da nosa sociedade e da contorna máis próxima, na formación para a paz, a cooperación, a tolerancia e a solidariedade entre as persoas e os pobos. Obxectivos que dende a competencia social e cívica se buscade desenvolver, tal e como se recolle na **Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro**, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Nesta norma especificase que *as competencias*

sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social. Así mesmo, os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintas contornas sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía. As persoas deben ser capaces de xestionar un comportamento de respecto ás diferenzas expresado de maneira construtiva.

Nesta mesma liña as actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, sexa cal for o sistema de valores adoptado. Tamén inclúe manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos. A participación construtiva inclúe, igualmente, as actividades cívicas e o apoio á diversidade e a cohesión sociais e ao desenvolvemento sustentable, así como a vontade de respectar os valores e a intimidade dos demais.

Así pois, se o Plan de Convivencia ha ter como obxectivo primordial optimizar o clima escolar, debe dar a coñecer e promover os valores fundamentais dunha sociedade democrática, a saber:

- a) O respecto por un mesmo e polos demais.
- b) O respecto polos espazos comúns e o mobiliario que neles se conteñen.
- c) O coñecemento, o respecto e a intervención sobre o medio natural e social, en especial aquel próximo ao noso centro educativo.
- d) O coñecemento e o respecto dos dereitos individuais e colectivos, con especial atención a aqueles que se refiren á non discriminación por cuestións de sexo, raza ou

identidade sexual (como así se desprende dos artigos 9 e 10 da **Lei 7/2004, do 16 de xullo**, galega, para a igualdade de mulleres e homes).

e) O coñecemento, a participación e o respecto das normas e institucións que presiden o funcionamento das sociedades democráticas, en especial daquelas referidas á educación.

Consecuentemente, entendemos que o Plan de Convivencia debe promover e poñer en valor comportamentos que se baseen en:

- a) O fomento das relacións entre o alumnado, as familias e o persoal do centro.
- b) A convivencia respectuosa, pacífica e solidaria.
- c) A igualdade de oportunidades e a cooperación.
- d) O razoamento e a equidade no tratamento dos conflitos.
- e) A resolución dos conflitos mediante un diálogo asertivo.
- f) A comunicación rápida e transparente dos acordos ás partes afectadas e aos demais membros da comunidade educativa.

Facendo presentes estes principios básicos, desenvolveremos as medidas preventivas, reeducadoras e sancionadoras que consideramos máis axeitadas, tendo en conta a diferente situación de partida, a tipoloxía do noso alumnado e a diversidade de conflitos que xorden na relación diaria.

1.3.- AXENTES RESPONSABLES

Conscientemente partimos do principio de que todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar, cada un no ámbito que máis directamente lle corresponda. Polo tanto, toda a comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

1.3.1- Funcións do Consello Escolar

- a) Elixir as persoas representantes da Comisión de Convivencia de acordo co establecido no artigo 6.2 do Decreto 8/2015.
- b) Establecer directrices para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c) Aprobar o Plan de Convivencia (Artigo 10.1 da Lei 4/2011 de 30 de xuño).

c) Realizar anualmente o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.

d) Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

1.3.2- Funcións do Claustro

a) Realizar propostas para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.

b) Participar na avaliación periódica da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do Plan de Convivencia.

c) Propoñer actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

1.3.3- Funcións do Equipo Directivo

a) Desempeñar as competencias da Comisión de Convivencia se esta non está constituída.

b) Elaborar, de ser o caso, o Plan de Convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste.

c) Impulsar as actividades previstas no Plan de Convivencia así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

1.3.4- Funcións do/a director/a

a) Garantir as condicións para que exista no centro un axeitado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.

b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos establecidos no Plan de Convivencia.

c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

d) Impoñer as medidas correctoras. O director poderá delegar no xefe de estudos, no/a titor/a ou nun/ha profesor/a esta competencia, nos termos que se establecen no artigo 44 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

e) Aprobar o Plan de Convivencia (Artigo 132, ñ da LOE).

Respecto da Comisión de Convivencia do centro: presidila e nomear aos membros, propostos polos colectivos, ou recibir a súa proposta de persoas que poden formar equipos de mediación.

1.3.5 - Funcións do/a xefe/a de estudos

a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de Convivencia do centro e nas Normas de Funcionamento e Convivencia (NOFC).

b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de Convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.

c) Promover as actuacións relativas á mediación.

d) Organizar a atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

1.3.6 - Funcións dos órganos de coordinación docente

a) No seu ámbito de competencia, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o Plan de Convivencia e as normas de convivencia do centro, de modo que figuren nas concrecións curriculares correspondentes.

1.3.7 - Funcións da Comisión de Convivencia

a) Traballar na sensibilización da necesidade dun Plan de Convivencia para o centro e na súa divulgación a todos os sectores da comunidade educativa.

b) Realizar unha avaliación ao inicio de cada curso escolar tendo en conta os datos achegados a partir de enquisas especificamente elaboradas pola propia comisión, a análise dos datos procedentes das incidencias ocorridas no curso anterior, as propostas que figuran na memoria anual elaborada pola propia comisión e as achegas proporcionadas por calquera dos sectores da comunidade educativa. A partir da análise dos datos da avaliación inicial, introducíranse as modificacións oportunas.

c) Celebrar, sen prexuízo de que se convoquen cantas xuntanzas se considere necesario en función das circunstancias concretas de cada curso, un mínimo de tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e, con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

d) Elaborar o Plan de Convivencia.

e) Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do Plan de Convivencia do centro.

f) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

g) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

h) Propoñer ao Consello Escolar cantas medidas considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, ao menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

i) Propoñer, de ser o caso, ao director do centro, as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

k) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar ao Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

l) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

m) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas a nivel centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección educativa.

n) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da administración educativa con competencias na materia.

2.- ANÁLISE E DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO IES DOCAMIÑO

2.1.- DESCRICIÓN DO CONTEXTO

O IES do Camiño é un centro educativo que na actualidade conta con 7 unidades, situado no concello lucense de Palas de Rei, na comarca da Ulloa. Ten uns sinais de identidade claramente arraigados no que ha ser un centro do eido rural. Nel impártense a E.S.O., FP Básica de Electricidade e Electrónica e dúas modalidades de Bacharelato (Ciencia e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais).

As alumnas e alumnos do noso centro proceden case só do Concello de Palas de Rei, do seu CEIP, único centro a el adscrito; algún/ha alumno/a dos concellos e centros lindantes de Monterroso, Antas de Ulla e Melide. Dende hai catro anos, máis ou menos, nótase a baixada de alumnado inmigrante, que antes acostumaba a facerse notorio. Actualmente contamos con 105 alumnas/os.

Por ser precisamente un concello do interior e rural, é notoria a dispersión xeográfica, o despoboamento e o envellecemento. As características socio-económicas da área de influencia tenden a ser medias ou baixas, a non ser algunhas explotacións gandeiras espalladas polo concello. O tecido empresarial é feble, aínda contando con algunha gran empresa punteira no seu sector.

2.2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN

a) Análise da enquisa realizada ao alumnado.

En xeral a maioría do alumnado considera que as relacións de convivencia co resto dos seus compañeiros/as son boas, pero hai unha pequena parte (7%) que opina que as relacións cos demais son malas ou regulares.

En canto á relación cos profesores manifestan ter unha relación boa ou normal na inmensa maioría dos casos (97%), tan só un 3% recoñece ter unha relación regular cos seus profesores/as.

Cando se lles pregunta pola opinión que os demais teñen sobre eles, a maioría considera que é normal ou boa, e o mesmo ocorre coa opinión dos profesores.

Entre as situacións concretas que eles perciben que alteran a convivencia no centro podemos destacar as seguintes:

- Enfrontamentos entre os alumnos/as e o profesor/a.
- Malas contestacións en clase.
- Non respecto ás normas.
- Os alumnos/as insúltanse.
- Os alumnos/as peléxanse.
- Hai grupiños que non se levan ben.
- Hai rapaces/as que non están integrados e séntense sós.

Por último cando se lles pregunta pola maneira na que se poden mellorar estas situacións manifestan preferir o diálogo fronte ás sancións e propoñen medidas cooperativas para fomentar as boas relacións, como facer xogos en equipo, deportes etc.

b) Análise dos informes da xefatura de estudos sobre as incidencias ocorridas que foron obxecto de parte de amoestación.

Tras analizar os partes de amoestación dos dous últimos cursos o primeiro que se observa é unha tendencia á alza. O número de partes de amoestación aumentou, sobre todo nos primeiros cursos da ESO (1º e 2º), sendo practicamente inexistentes nos dous cursos de bacharelato.

En canto ás condutas contrarias á convivencia que máis se repiten, aparecen en primeiro lugar os comportamentos disrutivos na aula, que impiden ó profesorado levar a cabo a súatarefa docente e que non cesan tras as oportunas advertencias. En ocasións estas condutas acaban con faltas graves de respecto ao profesorado.

O segundo tipo de incidencias máis frecuente son os insultos, comentarios vexatorios, burlas e faltas de respecto aos propios compañeiros, e xa en menor medida aparecen as agresións físicas a compañeiros, danos nos materiaisou o uso inapropiado dos móbiles.

Cabe salientartamén que moitos dos problemas de convivencia observados entre o alumnado teñen una continuidedefóra do recinto escolar e do tempo lectivo, debido a que, en ocasións, se inician, prolongan ou amplifican a través das súas redes sociais. Ademais isto parece ser a “punta do iceberg”, xa que cando se poñen en coñecemento do profesorado é porque a situación xa excede moitos límites, polo que intuímos, que de maneira habitual, se dan estas situacións sen chegar ao coñecemento por parte do centro.

2.3.- NECESIDADES DETECTADAS

A formación do profesorado en resolución de conflitos, a complexidadedalgúns casos e a aparición de novas condutas negativas relacionadas coas novas tecnoloxías, fan necesaria unha formación permanente a través de cursos, obradoirosou grupos de traballo que sexan útiles e realistas e nos que se implique a meirande parte da comunidade educativa. Este tipo de accións formativas deberían estar dirixidas fundamentalmente ao

fomento da convivencia, á detección precoz dos conflitos, á resolución pacífica dos mesmos e á identificación de posibles situacións de acoso.

Ao mesmo tempo, o claustro do centro necesita achegar posturas e concretar pautas de actuación común na resolución de conflitos. A adquisición de protocolos común require dun acordo dialogado entre o profesorado, dun compromiso de aplicación e dunha actualización constante que revise a utilidade deste protocolo.

3.- OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O presente Plan de Convivencia terá como referentes os fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes, recollidos no **artigo 3 da Lei 4/2011**, tratados e acordados, á súa vez, pola nosa comunidade educativa, eles rexerán todas as actuacións e intervencións. Estes son os seguintes:

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros do equipo directivo dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

3.1 – OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais aparecen regulados e relacionados cos devanditos fins e principios no **artigo 12 do Decreto 8/2015**. Son os seguintes:

a) Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

3.2 – OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

3.2.1 - Obxectivos para o alumnado

a) Concienciar sobre a importancia da participación na vida do centro e sobre a necesidade de asumir un papel activo na toma de decisións e no establecemento das regras de xogo democráticas.

b) Favorecer as situacións e o funcionamento de órganos colexiados nos que o alumnado participa para a fixación e avaliación das normas de convivencia, así como para a toma das medidas de prevención e a colaboración en procedementos para a resolución de conflitos.

c) Respetar á clase en procura dun clima de convivencia axeitado para facilitar as aprendizaxes.

d) Crear a conciencia da necesidade de utilizar unha linguaxe respectuosa tanto en ambientes formais como informais.

e) Valorar o mantemento en óptimas condicións das instalacións do centro e do equipamento como elementos favorecedores dunha boa convivencia.

f) Formar alumnado para facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

3.2.2 - Obxectivos para o profesorado

a) Concienciar ao profesorado do centro para a participación activa e con respecto ao consenso na dinamización da convivencia escolar.

b) Procurar para o profesorado unha formación realista e útil na prevención e resolución de conflitos.

c) Considerar a convivencia non só como aspecto organizativo ou unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como competencia educativa social que pase a formar parte da formación do alumnado.

d) Facilitar ao profesorado instrumentos e recursos así como procedementos áxiles e sinxelos cando se faga necesaria a corrección de actuacións contrarias á convivencia e a adopción de sancións.

e) Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade, moi en especial daquelas interdisciplinares e do traballo dos distintos membros da comunidade educativa.

f) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave, particularmente as competencias sociais e cívicas.

3.2.3 - Obxectivos para as familias

a) Lograr unha colaboración máis estreita co centro na dinamización da convivencia escolar.

b) Tomar conciencia da importancia da implicación familiar no proceso de ensino-aprendizaxe e na prevención e resolución dos conflitos.

c) Promover campañas divulgativas dos diferentes documentos que recollan os aspectos fundamentais da convivencia.

d) Incrementar a participación das familias e mirar de crear unha Escola de Nais e Pais con autonomía e posibilitar o seu funcionamento a partir do seguinte curso.

3.2.4. Obxectivos a nivel de centro

a) Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.

b) Recoller nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos, etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos, etc.).

c) Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.

d) Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado). Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.

e) Elaborar de forma acordada as normas de convivencia do centro e de aula.

f) Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.

g) Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.

h) Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.

i) Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.

k) Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).

l) Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.

m) Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.

n) Prever, no Plan de Convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).

o) Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...).

p) Lograr unha colaboración máis estreita co resto do persoal do centro na dinamización da convivencia escolar.

4.- NORMAS DE CONVIVENCIA

4.1.- FUNCÍONS, DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

4.2.- REGULACIÓN DOS TEMPOS E CIRCULACIÓN DAS PERSOAS

4.3.- REGULACIÓN DOS ESPAZOS E DOS EQUIPAMENTOS

4.4.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DO CENTRO: DEFINICIÓN, CORRECCIÓN, GRADACIÓN E PRESCRICIÓN, PROCEDIMENTO CONCILIADO E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

(TODOS ESTES APARTADOS APARECEN DESENVOLTOS NO DOCUMENTO *NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO*)

5.- MEDIDAS DE ACTUACIÓN E COMPLEMENTARIAS ORIENTADAS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS

As medidas preventivas terán como principal finalidade dar resposta anticipada aos problemas potenciais relacionados coa convivencia, a organización e o funcionamento que o centro poida ter. Polo tanto, o Consello Escolar, a Comisión de Convivencia, os demais órganos de goberno do centro, o profesorado e os restantes membros da comunidade educativa porán especial coidado na prevención de actuacións contrarias ás normas de convivencia, obxectivo para o cal establecerán as medidas educativas e formativas que cumprisen. Por outra parte, o centro docente demandará aos pais, nais ou aos representantes legais do alumnado e, se é o caso, ás institucións públicas competentes, a adopción de medidas de carácter xeral dirixidas a modificar aquelas circunstancias que poidan ser motivo de posibles actuacións contrarias ás normas de convivencia. Como medidas preventivas concretas, estas serán formuladas en tres fases diferentes: antes, ao comezo e durante o curso escolar.

5.1.- MEDIDAS PREVENTIVAS ANTES DO COMEZO DO CURSO ESCOLAR

a) Organizar no centro educativo no mes de xuño unha xuntanza de acollida para o alumnado de nova incorporación procedente do centro adscrito de primaria co fin de traballar as principais Normas de Convivencia, Organización e Funcionamento de centro, facendo especial fincapé naquelas que fomentan a convivencia e son prioritarias para un bo funcionamento do mesmo.

b) Organizar no centro educativo no mes de xuño unha reunión coas familias do alumnado de nova incorporación co fin de traballar as principais Normas de Convivencia, Organización e Funcionamento de centro, facendo especial fincapé naquelas que fomentan a convivencia e son prioritarias para un bo funcionamento do mesmo.

c) Nos procesos previos de coordinación do Departamento de Orientación co orientador/a do centro público de primaria, recollerase información sobre a conduta social,

as habilidades sociais e o comportamento xeral do alumnado matriculado, co obxecto de organizar e distribuír ao alumnado do mellor xeito posible, atendendo preferentemente a valoracións educativas e de convivencia, así como á súa procedencia, coa fin de favorecer a súa adaptación.

d) Só se fose o caso, pouco previsible por ser normalmente este un centro dunha soa liña, na formación de grupos de alumnado procurarase que estes sexan o máis heteroxéneos posibles. Procurarase, así mesmo, distribuír ao alumnado repetidor equitativamente para evitar os potenciais problemas de convivencia que puidesen derivarse, eventualmente, da interrelación social destes. Teranse en consideración as propostas recollidas nas xuntas de avaliación e invitarase aos/ás titores/as a unhas xuntas de coa/xa do Departamento de Orientación e o Equipo Directivo; así como no caso de alumnado de novo ingreso, teranse en conta as recomendacións do centro de procedencia.

e) Sempre e cando o centro teña posibilidades organizativas e suficientes recursos persoais e materiais, recorrerase á medida do desdobre nas materias que así se estime oportuno (a poder ser cun/ha profesor/a en aulas diferentes). O obxectivo neste caso é que, mirando de salvagardar a heteroxeneidade e diversidade dos grupos, se procure un mellor clima de convivencia no centro e unha atención máis personalizada ás necesidades do noso alumnado.

f) Realizarase unha reunión co profesorado de cada grupo para informalo das características do alumnado, das posibles medidas de atención á diversidade que habería que valorar na aula, dos criterios tidos en conta para a distribución do alumnado no grupo e sobre outras cuestións relativas á convivencia que deberían ser do seu coñecemento para a posible prevención de conflitos na aula.

5.2- PROGRAMA TEI (TITORÍA ENTRE IGUAIS)

5.2.1- XUSTIFICACIÓN

Na estratexia do IES do Camiño para afrontar a mellora da convivencia escolar tratamos de integrar tres tipos de medidas:

- **Medidas de prevención**, intervindo antes de que os conflitos e os actos violentos se produzan e sexan mal xestionados.
- **Medidas de intervención**, cun enfoque global onde se actúe, simultaneamente, sobre os aspectos disciplinarios, curriculares e metodolóxicos, xunto coa mellora da cultura escolar e a dimensión socio-comunitaria.
- **Protocolos** que proporcionen pautas de acción e orientacións en situacións relativamente descoñecidas e nas que se require un procedemento sistemático para a súa identificación e resolución.

Dende esta perspectiva, estruturamos as nosas actuacións situando o ámbito preventivo como eixo fundamental e de maior peso no Plan de Convivencia, onde a colaboración e coordinación de toda a comunidade educativa é esencial. Neste aspecto é onde o **Programa TEI** adquire gran relevancia, por constituír unha estratexia contra a violencia e o acoso escolar, cun marcado carácter preventivo e institucional que implica a creación dunha cultura da non-violencia que afecta a toda a comunidade educativa e que require da participación da mesma para modificar ou cambiar a cultura de centro.

Somos conscientes tamén de que un clima positivo favorece as aprendizaxes; polo que cremos que estes anos que xa leva posto en marcha, o Programa TEI favoreceu indirectamente a mellora no rendemento académico do alumnado.

Por todo isto, o noso centro considera unha finalidade esencial da educación aprender a convivir cos demais e fomentar unha cultura de tolerancia cero con calquera forma de violencia.

5.2.2.- FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E MARCO LEGAL DO PROGRAMA TEI

5.2.2.1.-Marco teórico

O interese polo “*bullying*” ou acoso escolar ten a súa orixe nos países nórdicos a principios dos anos setenta, nun contexto onde a violencia se percibe como problema. A definición mais aceptada e usada é a formulada polo sueco **Dan Olweus**, referencia obrigada a día de hoxe.

Foi necesario un cambio de mentalidade social e superar a idea de que “*son cousas de nenos*” e tomar conciencia de que este tipo de condutas poden ser moi negativas no desenvolvemento das persoas.

Diferentes estudos coinciden en afirmar que o acoso escolar non debe abordarse con medidas unicamente represivas e que o primeiro nivel de loita contra o acoso debe ser liderado polo mesmo profesorado do centro educativo, dunha maneira fundamentalmente preventiva.

O acoso escolar debe desligarse dos incidentes violentos, illados ou ocasionais entre o alumnado. Os tres criterios diagnósticos máis comunmente aceptados polos investigadores europeos, que serven para dilucidar se estamos ou non ante un caso de acoso escolar son:

a) Existencia de violencia entre iguais: presenza dun desequilibrio de poder e forza.

b) Repetición da conduta: ao principio pode ser unha intimidación oportunista, pero unha vez que comeza acostuma a continuar de forma sistémica e oculta.

c) Intencionalidade de facer dano: a agresión supón un dano non só no momento do ataque, senón de forma sostida, xa que crea a expectativa na vítima de poder ser o branco de futuros ataques.

Existen diferentes formas de maltrato entre o alumnado. A súa clasificación depende da fonte consultada, pero podemos acordar os seguintes:

- 1) Maltrato físico: referido ás accións directas como pegar, ameazar con armas, etc.; e accións indirectas como esconder, roubar e romper obxectos ou pertenzas da vítima.
- 2) Maltrato verbal: consiste en insultar, burlarse e/ou adxudicar alcumes á vítima, así como falar mal dela e facer correr rumores.
- 3) Exclusión social: cando á vítima non se lle deixa participar, ignórase e exclúese directamente dunha actividade.
- 4) Maltrato mixto: ameazar á vítima coa fin de intimidala e obrigala a facer ou a dicir cousas.

Por outro lado non podemos esquecer as novas tecnoloxías como foco de transmisión de mensaxes, imaxes ou vídeos, relacionadas co acoso escolar, neste caso denominado "*ciberbullying*" e pode formar parte de calquera tipo de maltrato dos citados con anterioridade.

Dentro da ESO, todos os estudos coinciden en afirmar que a maior incidencia de acoso escolar está situada en 1º e 2º curso desta etapa.

5.2.2.2. Marco legal

A loita contra o acoso escolar é un imperativo derivado dos dereitos humanos e a necesidade de colocar o respecto á dignidade da persoa como clave fundamental da educación e do Estado de Dereito.

O dereito á educación queda recollido na Convención dos Dereitos do Neno (CDN), na Constitución Española e na lexislación educativa:

- **Lei 27/2005**, de 30 de novembro, de fomento da educación e da paz.
- **Lei Orgánica de Educación 2/2006**, de 3 de maio e **Lei orgánica 8/2013**, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

5.2.3. OBXECTIVOS


1. Facilitar o proceso de integración do novo alumnado (1º ESO) ao centro educativo.
2. Ter un referente, alumnado de 3º /4º ESO, para favorecer a integración e a autoestima.
3. Compensar o desequilibrio de poder sempre presente no acoso, dende unha perspectiva preventiva disuasoria.
4. Cohesionar á comunidade educativa e integrar e desenvolver a TOLERANCIA CERO como un trazo de identidade do IES do Camiño.
5. Empoderar ao alumnado como suxeito dinámico da convivencia, na prevención da violencia e o acoso escolar.
6. Concienciar á comunidade educativa sobre os efectos da violencia e informar das consecuencias persoais, sociais e educativas que este fenómeno comporta.

5.2.4. METODOLOXÍA

O TEI é un programa de convivencia para a prevención da violencia e o acoso escolar, é institucional e implica a toda a comunidade educativa. Ten como obxectivo básico mellorar a integración escolar e traballar por unha escola inclusiva e non violenta, fomentando que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias, orientadas á mellora ou modificación do clima e a cultura do centro respecto da convivencia, conflito e violencia (física, emocional ou psicolóxica). Considera a participación activa dos iguais como elementos básicos do proceso de prevención e intervención en situacións de violencia e acoso escolar:

En secundaria os alumnos de 3º/4º ESO son titores emocionais dos de 1º.

A intervención basearase no triángulo do acoso escolar. Tradicionalmente pensábase que o proceso de intimidación era unha relación de dous, a confrontación de un a un, pero en realidade existen tres elementos ou roles principais: agresor, vítima e espectadores. É precisamente este terceiro elemento sobre o que incide a base deste proxecto, a súa influencia determina a interrelación entre o agresor e a vítima, converténdose enapeza básica da prevención. *Keith Sullivan* (2005) fai a seguinte representación gráfica:



5.2.5 SECUENCIACIÓN

O proceso de implantación e desenvolvemento del TEI implica a toda a comunidade educativa e intervén sobre cada un dos seus elementos. Está estruturado e secuenciado da seguinte forma:

- **CENTRO EDUCATIVO E PROFESORADO**
 - **Presentación** do programa.
 - **Aprobación** por parte de Dirección, Claustro e Consello Escolar.
 - **Información**, sensibilización e formación.
- **ALUMNADO, FORMACIÓN BÁSICA (titores e titorizados)**
 - **Información** e sensibilización.
 - **Formación** de titores e estratexias de intervención.
 - **Nomeamento** e entrega de diplomas.
 - **Presentación** de titores e titorizados.
- **ALUMNADO, FORMACIÓN CONTINUADA (titores e titorizados)**
 - **De cohesión de parellas ou equipos** e fortalecemento do vínculo emocional (mínimo unha sesión por trimestre).
 - **De titoría, sobre valores e emocións** sobre tres puntos de interese que determina o centro, a partir das propostas do programa (mínimo 3 sesións por trimestre).
 - **De formación permanente de titores**, a partir dun centro de interese e con metodoloxía de resolución de casos (mínimo unha sesión por trimestre).
 - **Avaliación**, tanto do programa como da metodoloxía empregada (1 sesión por trimestre).
- **FAMILIAS**
 - **Información sobre o TEI**, na reunión con nais/pais do alumnado que se vai incorporar ao centro no mes de maio ou xuño.
 - **Contextualización do TEI**, asiduamente realízase coas familias dos alumnos titores e titorizados na primeira reunión formal de curso, sobre o mes de setembro.
 - **Formación e compromiso**, desenvólvese na escola de familias que adoitan ter os centros e é aconsellable facelo no primeiro trimestre.
- **AVALIACIÓN**
 - **De alumnado**, unha sesión por trimestre.
 - **Profesorado e claustro**, ao final de curso.
 - **Equipo directivo**, ao final de curso.

En ningún caso o programa TEI pretende ser a solución a todos os problemas de convivencia dun centro educativo, pero si é unha excelente estratexia para a prevención da violencia e o acoso escolar nos centros educativos. Neste proceso estamos implicados todos/as e só este **compromiso facilitará un cambio de mirada da convivencia e a educación.**

5.3.- MEDIDAS PREVENTIVAS AO COMEZO DO CURSO ESCOLAR

a) As primeiras sesións de titoría estarán dedicadas a favorecer o coñecemento e a integración do alumnado, sobre todo naqueles aspectos que favorezan tanto o coñecemento de si mesmos como a convivencia e a interrelación entre eles, con sesións específicas que estarán recollidas no propio Plan de Acción Titorial.

b) Elaborarase e expoñerase no taboleiro de cada aula de referencia de todos os cursos un extracto do NOFC do centro, facendo fincapé nas normas básicas de convivencia de aula e incentivando especialmente a participación e os valores democráticos. Hase procurar que estas sexan sempre o máis educativas e plásticas posible. Ademais na medida do posible intentarase acordar unas normas de clase entre todos, de xeito que o alumnado as sinta como súas e as interiorice, favorecendo a implicación e o compromiso con elas, xa que o feito de elaborar unhas normas de convivencia para a clase contando co alumnado fai que estes se sintan máis concernedos polas mesmas e mostren unha maior implicación no seu cumprimento e mantemento. Asímenas con maior facilidade e presentan unha actitude máis responsable ante elas, facendo que o alumnado se sinta protagonista e responsable da convivencia e da marcha da clase en xeral.

c) Identificarase na avaliación inicial o alumnado con problemas de comportamento ou condutasocial, co obxecto de tomar medidas e corrixir dende o principio as devanditas condutas.

d) Distribuirase ao alumnado na aula da forma o máis conveniente posible, co obxecto de que favoreza o traballo e a convivencia e evite, na medida do posible, os posibles conflitos que poidan xurdir. Cuestión a tratar sobre todo na avaliación inicial.

e) Se os recursos do centro o permiten, formularase a posibilidade de realizar titorías individualizadas con determinado alumnado que o precise.

5.4.- MEDIDAS PREVENTIVAS DURANTE TODO O CURSO ESCOLAR

5.4.1.- A través do Plan de Acción Titorial

a) Sesións específicas de tutoría con técnicas e actividades que traballen e desenvolvan a integración, a educación en valores, a convivencia e o respecto entre o alumnado e, sobre todo, nas se busquen mecanismos de diálogo e de resolución de conflitos como resposta educativa aos problemas de convivencia que poidan xurdir durante o curso.

b) Durante o primeiro trimestre de curso, traballarase os principais documentos relacionados coa organización, funcionamento e convivencia do centro en ambas as dúas etapas educativas, incentivando a participación, a reflexión, a análise e o coñecemento destes.

c) As devanditas actividades de tutoría estarán presentes en todos os niveis educativos do centro, se ben é certo que se fará especial fincapé nos primeiros niveis da ESO, os máis decisivos en canto á prevención e detección temperá de problemas se refire.

d) Así mesmo, como se establece na **Orde do 13 de xullo de 2015** pola que se regulan as ensinanzas de Formación Profesional Básica en Galicia, no Plan de Acción Titorial do centro deseñaranse actividades específicas para o alumnado dos ciclos de Formación Profesional Básica e as súas actividades centraranse, entre outras, na resolución de conflitos e habilidades comunicativas.

5.4.2.- A través de todo o profesorado do centro

a) Favorecer o diálogo para coñecer mellor ó alumnado e detectar os seus problemas, co obxecto de saber dar máis e mellores respostas aos posibles problemas de conduta e convivencia que poidan presentarse na aula ou no resto das dependencias do centro.

b) Manter o compromiso de respecto ás normas de convivencia de aula e velar polo seu cumprimento e que haxa un acatamento xeral e un respecto cara a estas por parte de todos: pais e nais, profesorado e alumnado; e aplicar as sancións pertinentes se fose necesario.

c) Realizar a supervisión e vixilancia de todas as dependencias do centro: corredores, aulas, ximnasio, pavillón, lugaresdelecer, etc., co obxecto de que sexan respectadas por parte de todose todas e se manteñan limpas, ordenadas e en condicións; cun ambiente que

sexa acolledor, agradable e de respecto por parte de todos os membros da comunidade educativa e evitando que se poidan producir situacións de desorde ou violencia.

d) Observar e velar para que todo o alumnado, especialmente aquel que poida estar en risco de caer en situación de marxinación, exclusión, illamento ou acoso escolar, estea plenamente integrado na comunidade educativa e para, en caso de detectar algunha situación de perigo, pór en funcionamento coa maior celeridade posible as actuacións necesarias.

e) Intercambiar información (entre o profesorado) e coordinarse de forma permanente a través das titorías, da Xefatura de Estudos e do Departamento de Orientación, co obxecto de detectar posibles problemas e tomar medidas entre todos/as unificando medidas e criterios de actuación.

5.4.3.- A través das familias

a) Potenciar a colaboración co profesorado relativo á súa tarefa docente e, sobre todo, no referente á prevención e corrección de condutas problemáticas e contrarias ás normas de convivencia establecidas polo centro e que deberán coñecer.

b) Manter entrevistas e contactos directos co profesorado con certa periodicidade, sobre todo, cando existan indicios de posibles condutas contrarias á convivencia nos seus fillos e fillas.

c) Implicarse directamente e colaborar no cumprimento das Normas de Convivencia por parte dos seus fillos e fillas e, sobre todo, no cumprimento de determinadas medidas correctoras se as houbese.

d) Ante certos problemas de conduta e de aceptación das normas escolares poderán subscribir co centro docente un "compromiso de convivencia", co obxecto de establecer mecanismos de coordinación co profesorado e outros profesionais que atenden ao alumnado e de colaborar na aplicación das medidas que se propoñan, tanto no tempo escolar coma no extraescolar, para superar a devandita situación. O compromiso de convivencia concretarase en:

- Un acordo por escrito, segundo modelo achegado polo centro, asinado e aceptado polas partes, polo cal o/a alumno/a e as súas familias ou representantes legais se comprometen ante o/a titor/a a colaborar na mellora da súa conduta mediante un conxunto de compromisos de aceptación das normas, das indicacións e das medidas correctoras adoptadas polo instituto.

- O devandito compromiso de convivencia será concretado e elaborado dende a titoría e nel participarán os/as alumnos/as implicados/as e as súas familias, contando co apoio, se procede, da Xefatura de Estudos e apoio e asesoramento do Departamento de Orientación.

- O desenvolvemento e os posibles seguimentos que se fagan do compromiso de convivencia serán supervisados polo titor/a de forma periódica, co coñecemento e apoio, tanto de Xefatura de Estudos como, naqueles casos que se requira e proceda, do Departamento de Orientación.

- A aceptación do compromiso de convivencia polas partes implicadas non eximirá do cumprimento das medidas correctoras propostas no seu caso, aínda que si poderá ser considerado como unha circunstancia atenuante.

- O Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia, realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro para garantir a súa efectividade e propoñer a adopción de medidas e iniciativas en caso de incumprimento.

5.5.- OUTROS PROCEDEMENTOS DE TIPO ORGANIZATIVO

5.5.1.- Atención á diversidade

É a primeira actuación na prevención da violencia. Na maioría dos casos os problemas de conduta veñen asociados a un rendemento académico baixo do alumnado que presenta NEAE, polo que é preciso dar unha resposta educativa axeitada ás necesidades e características do alumno/a. Estas artículanse no Plan de Atención á Diversidade elaborado acorde á normativa vixente. Nesta mesma liña establécese no **Decreto 229/2011** de atención á diversidade en Galicia como medidas ordinarias relativas á convivencia:

“a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización exestión da aula ás características do alumnado.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos y outras que promovan a inclusión.

e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

l) Programas de habilidades sociais.”

Nos casos de alumnado con problemas de conduta é conveniente avaliar a necesidade de tomar algunha das medidas de atención á diversidade que recolle a lexislación vixente. En todos os casos hai que adaptar a tarefa escolar ás súas características persoais. Todo isto será recollido no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

5.5.2.- Reunións de equipos docentes

Fixaranse reunións do profesorado titor coa/co Orientadora/or e tamén co equipo docente. Para mellorar a operatividade destas reunións, o/a profesor/a titor/a do grupo solicitará de todos os docentes información por escrito sobre posibles problemas detectados, dinámicas negativas do grupo - aula e una proposta de posibles solucións. Todas estas achegas serían avaliadas polo/a titor/a, deixando para a xunta de avaliación inicial a discusión e establecemento das conclusións e actuacións conxuntas acordadas.

5.5.3.- Acollida do novo alumnado e profesorado

5.5.3.1.- Alumnado procedente de 6º curso de Educación Primaria

No terceiro trimestre de cada curso escolar (maio ou xuño), organizaranse actividades que fomenten o coñecemento do IES e a correcta adaptación á nova etapa educativa a través do Departamento de Orientación do IES e do centro adscrito de primaria.

Actividades:

a) Charla de orientación coas familias do alumnado de 6º curso de Primaria que previsiblemente cursarán estudos no IES do Camiño (Palas de Rei). Entrega de información aos/as pais/nais/titores.

b) Visita do alumnado ao IES para coñecer as instalacións, a organización e funcionamento do instituto mediante unha charla informativa. Así mesmo intentarase, na medida do posible, que o alumnado de 1º da ESO sirva de guía na visita ás instalacións e lles proporcione información da súa experiencia como alumnos e alumnas de 1º da ESO.

c) Acompañamento, durante os primeiros días de clase, por parte do alumnado que leva tempo no centro, programa a facer tamén co alumnado que se incorpora unha vez iniciado o curso. Isto verase facilitado e concretado co programa **TEI (Titoría Entre Iguais)** implantado e en funcionamento dende hai seis anos no centro.

5.5.3.2.- Recepción do alumnado estranxeiro e procedente doutras autonomías

Na **Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, establécese que a determinación das necesidades de cada alumno/a realizarase a través da avaliación inicial que leva a cabo con

carácter xeral no momento da incorporación ao sistema educativo, segundo o establecido nos artigos 13 e 17 da **Orde do 27 de decembro de 2002**. De ser o caso, corresponde aos departamentos de orientación a realización da avaliación psicopedagóxica correspondente.

Nesta mesma liña considerarase alumnado obxecto das medidas previstas na presente orde, aquel que tendo unha idade comprendida entre os 3 anos e o límite de escolarización obrigatoria proceda do estranxeiro e, tras a correspondente avaliación, reúna algunha das necesidades educativas seguintes:

- a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma.
- b) Desfasamento curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- c) Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

Pois ben, tendo en conta a devandita Orde do 20 de febreiro de 2004 e a Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO, o procedemento a seguir será o seguinte:

- a) A Xefatura de Estudos, co asesoramento do departamento de Orientación, procederá, en atención aos datos proporcionados pola familia e, de ser o caso, polo expediente escolar, a adscribir de forma provisional ao alumno/a a un nivel e grupo, segundo os criterios de agrupamento no centro e as materias optativas.

- b) De ser necesario, os departamentos didácticos elaborarán probas para avaliar a competencia curricular deste alumnado. O profesorado do grupo, pola súa parte, procederá a realizar unha avaliación inicial co fin de determinar a competencia curricular do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumno ou alumna a integrar.

- c) A Xefatura de Estudos convocará unha reunión á que asistirá o profesorado implicado na avaliación inicial e o Departamento de Orientación, na que se determinarán as necesidades educativas específicas e na que se procederá á adscrición do/a alumno/a a un nivel e grupo adoptando as medidas de atención á diversidade necesarias, tanto curriculares como organizativas.

- d) Unha vez adoptada a decisión, a Xefatura de Estudos convocará ao alumno e a súa familia a unha reunión na que participará o/a orientador/a. Nesta reunión proporcionaráselles información sobre os resultados da avaliación inicial, o sistema

educativo e as decisións relativas á súa escolarización (nivel e medidas de atención específica).

e) Así mesmo, coa finalidade de adaptar a integración escolar e social do/a alumno/a, este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física, música e educación plástica e visual, así como no período de titoría.

f) No relativo á convivencia, durante o período de permanencia no grupo de adquisición das linguas, os pais do alumno serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida do centro.

g) Cando non se poidan conformar os grupos de adquisición de linguas o de competencia curricular, este alumnado deberá incorporarse ás medidas de atención á diversidade que cada centro poña en marcha, logo do informe da xefatura do departamento de orientación, quen proporá a incorporación a aquelas medidas que resulten máis adecuadas para cada alumna ou alumno.

h) O novo alumnado será acompañado, durante os primeiros días de clase, por un membro do seu grupo para facilitar así a súa integración.

5.5.3.3.- Acolida do novo profesorado

No claustro do profesorado que se realiza no mes de setembro, antes do inicio do curso académico, a todo o profesorado que chega novo ao centro proporcionaráselle a seguinte relación de documentos: extracto das normas de convivencia e NOF, indicacións de como pasar as faltas do alumnado ao Xade, normativa sobre permisos e licenzas do persoal docente, calendario do curso académico, etc.

Este profesorado terá unha xuntanza cun membro do equipo directivo, quen lle ensinará as instalacións do centro e lle dará as explicacións oportunas sobre a documentación entregada.

Co profesorado que se incorpora unha vez iniciado o curso, seguirase un procedemento parecido. Poñerase especial coidado en informalo sobre as características do alumnado dos grupos nos que dá clase e sobre as accións de mellora que se están a levar a cabo.

5.6.- CANLES DE COMUNICACIÓN NO CENTRO PARA O ALUMNADO E AS FAMILIAS

5.6.1.- Caixa de suxestións

Aínda que as canles de comunicación formais no que respecta á participación do alumnado, das familias e do resto da comunidade educativa están recollidas tanto no NOFC coma no Plan de Acción Titorial, cómpre establecer un apartado que informe das medidas específicas para promover a comunicación informal co centro, coa finalidade de que toda a comunidade educativa poida expresarse e facernos chegar as súas opinións, problemas, inquedanzas e propostas para mellorar a convivencia no centro.

Coa intención de acadar o propósito anterior, instalarase unha **caixa de suxestións** nun lugar de fácil acceso e no que se busque a privacidade do/a alumno/a, ou calquera persoa pertencente á comunidade educativa, que queira facernos chegar a súa suxerencia, denuncia..., Esta permitirá deixar toda comunicación escrita de denuncia ou suxestión, anónima ou non. Ademais, facilitarase un enderezo de correo electrónico, a través da web do centro, para o mesmo fin. A caixa de correo será revisada periodicamente polo equipo directivo.

5.6.2.- Enquisas titoriais para o alumnado

Nas seguintes enquisas participará e asesoraráo Departamento de Orientación tanto o proceso como os ítems a tratar.

a) **Enquisa titorial de coñecemento:** a comezos de curso, o/a titor/a realizará unha enquisa para solicitar información do seu alumnado. A través desta enquisa o alumnado poderá expresar as súas expectativas académicas, historia escolar, relacións cos membros da comunidade, etc.

b) **Enquisa de pre-avaliación:** ao rematar cada trimestre, o/a titor/a realizará unha actividade organizada co alumnado para analizar o desenvolvemento do trimestre, solicitando información sobre os resultados académicos, as relacións na aula, a motivación do alumnado, as expectativas, os problemas de convivencia, as posibles accións de mellora... Para iso, realizará a enquisa e posteriormente dirixirá un debate no que se recollerán as conclusións máis relevantes.

c) **Enquisas sociométricas:** o Departamento de Orientación disporá de cuestionarios sociométricos para aplicar no momento en que se detecten problemas de convivencia e/ou nas relacións entre iguais no grupo clase, coa finalidade de coñecer en profundidade as dinámicas que se establecen na aula, detectando as posibles necesidades e intervindo sobre elas.

d) **Enquisas de detección de situacións de acoso e intimidación.** Nas sesións de tutoría de ESO, e tamén nas outras etapas, aplicarase de vez en cando unha enquisa para detectar situacións de acoso que poden non ser observadas polo profesorado. Estas enquisas serán analizadas polos/as titores/as, que informarán ao Equipo Directivo e ó Departamento de Orientación sobre os datos relevantes detectados.

e) Asemblea de aula. Nos grupos de ESO, na hora semanal de tutoría, ensinaráselles ao grupo a celebrar unha asemblea dirixida polo/a delegado/a. Promoverase que celebren asembleas de aula co fin de mantérense informados e tomar decisións ou facer propostas á Xunta de Delegados/as, ó/á titor/a e á Dirección, entre outras, en materia de convivencia.

f) Tanto no proceso de recollida de datos nestas enquisas como no posterior tratamento dos mesmos, atenderase sempre á normativa recollida na LOPD do 13 de decembro de 1999 e/ou disposicións posteriores.

5.6.3.- Comunicación coas familias

Estas actividades promoverán e fomentarán as relacións de colaboración e corresponsabilidade no desenvolvemento educativo do alumnado, ademaisde informar sobre o Proxecto Educativo do centro e sobre as Normas de Organización e Funcionamento. Serán levadas a cabo polos distintos membros do persoal docente: profesores/as, titores/as, orientador/a, equipo directivo.

Actividades dos/as titores/as:

a) Reunión a comezos do curso, na última semana de setembro ou na primeira de outubro, cos pais/nais/titores do alumnado de ESO e Bacharelato. Nesta reunión informarase sobre as normas de convivencia, as normas de organización do grupo, da avaliación e sobre o funcionamento do propio centro; darase a coñecer así mesmo o equipo docente do/a alumno/a e acordarase a comunicación entre os familiares, o profesorado e o/a titor/a ao longo do curso.

b) Envío da carta de presentación do/a titor/a no mes de setembro.

c) Entrevistas trimestrais cos pais (de xeito individualizado). Levaranse a cabo cando menos dous contactos en cada curso con cada familia, dos que, polo menos un, debería realizarse baixo a forma de reunión persoal.

Actividades do equipo docente:

O/A titor/a promoverá a comunicación das familias cos/coas profesores/as para obter información específica de cada materia.

A comunicación será solicitada polas familias polos medios posibles (titor/a, alumno/a, teléfono, etc.)

Actividades do Departamento de Orientación:

a) Envío da carta de presentación do orientador/a no mes de setembro na que se facilitarán os horarios de atención ás familias e se informará sobre as funcións do/a orientador/a.

b) Entrevistas de coñecemento e de seguimento ao longo de todo o curso, por petición de ámbalas dúas partes.

c) Asesoramento xeral sobre temáticas diversas ao longo de todo o curso; de ser posible, a través da Escola de Nais e Pais en coordinación coa Xefatura de Estudos.

Actividades de Dirección e Xefatura de Estudos:

Disposición continua para comunicarse coas familias ao longo do curso en temas relacionados co proceso de aprendizaxe dos seus/súas fillos/as e en relación aos posibles problemas de convivencia no centro.

Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias (Vicedirección):

Publicación na páxina web do centro, por parte de Vicedirección ou profesor/a no/a que delegue, de información sobre as novidades e noticias no centro, actividades extraescolares e complementarias, prazos de interese... Colaborarán na actualización da páxina web o/a coordinador/a Abalar, o Departamento de Orientación e tódolos departamentos didácticos.

5.7.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DAS RELACIÓNS ENTRE OS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE, E DA RELACIÓNS DO CENTRO CO SEU CONTORNO.

A Vicedirección recollerá por escrito as propostas de actividades para a súa exposición no claustro de profesorado e para a súa avaliación por parte do Consello Escolar. Búscase a coordinación entre as actividades impulsadas desde Vicedirección, os departamentos didácticos, o Departamento de Orientación, a biblioteca, o Equipo de Dinamización da Lingua galega, e as propostas feitas polo alumnado dende a Xunta de Delegados/as ou reunións de aula, para confeccionar un programa cunha distribución temporal pedagóxica e factible.

5.8.- PROGRAMA DE MEDIACIÓN ESCOLAR

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III do decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, nos supostos menos graves de situación de acoso favorecerase o Programa de Titoría entre Iguais (TEI), ademais de potenciar ás prácticas restaurativas, nas que o equipo docente se estivo formando a través do Plan de Formación Permanente do Profesorado. Polo momento o centro educativo non conta con programa de mediación escolar. De todos os xeitos o centro educativo intentará formarse en mediación entre iguais a fin de ofrecer ao alumnado un recurso máis para a mellora da convivencia e as relacións entre iguais.

5.8.1.- Mediación entre iguais

a) Definición: forma de resolver conflitos entre dous ou máis compañeiros coa axuda dunha terceira persoa imparcial, o mediador. Os mediadores non son xuíces nin árbitros, non impoñen solucións, nin opinan sobre quen ten a verdade. Os mediadores son alumnos con formación neste ámbito que regulan o proceso de comunicación cara a unha posible solución que satisfaga ás partes en conflito.

b) Características da mediación: voluntaria, confidencial, imparcial e baseada no diálogo.

c) Función dos mediadores:

- Guían o proceso, non asumen a responsabilidade de transformar o conflito.
- Axudan ás partes a identificar e satisfacer as súas necesidades e intereses.
- Están atentos aos valores polos que se guían as partes.
- Axudan ás partes a comprenderse e a sopesar as súas formulacións.
- Propoñen procedementos na procura dunha solución.
- Xeran confianza entre as partes e no proceso.

d) Partes do proceso de mediación:

- Presentación e regras de xogo
- Cántame
- Clarificar o problema
- Propor solución
- Chegar a acordos

5.9.- AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

O funcionamento da aula de convivencia procura substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) do **Decreto 8/2015**.

O centro educativo conta cunha aula de convivencia que ten como obxectivo fundamental dotar ao centro dun espazo e tempo estable para axudar ao alumnado a reflexionar e solucionar eficazmente os seus conflitos sen afastalo do seu contexto ordinario.

Permite traballar con este alumnado dunha maneira individualizada atendendo á súa situación persoal e familiar e tendo en conta a súa traxectoria escolar e o historial de condutas disruptivas obxecto de modificación.

Así mesmo, a aula de convivencia inclusiva terá vocación de substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

5.9.1-Directrices para a derivación dun/ha alumno/a á aula de convivencia (AC).

a) Nunha primeira reunión á que asistirán o/a xefe/a de estudos e/ou o director, a orientadora, o/a “coordinador/a de convivencia”, o/a titor/a, valorarase a situación do/da alumno/a amoestado/a con partes de incidencias e a pertinencia de derivación á AC.

b) Informarase á familia e ó/á alumno/a da medida adoptada e fixaranse as datas e días nos que o/a alumno/a acudiría á devandita aula.

c) O/a profesor/a deberá facilitar ao alumno/a o material ou as tarefas que deberá realizar durante a súa permanencia na AC, a realización das mesmas será supervisada polo profesorado de, que atenderá as súas dúbidas na medida do posible. As tarefas realizadas serán corrixiadas posteriormente polo profesorado da materia unha vez que se reincorpore á súa clase ordinaria.

d) A 1ª tarefa a realizar na AC será un acto de reflexión sobre os sucesos acontecidos e unha valoración conxunta coa orientadora, nos casos que sexa necesario, co xefe de estudos.

e) Nas seguintes sesións do día, ademais de realizar as tarefas de aula propostas polo profesorado do grupo, poderán traballarse actividades específicas co alumnado en función do contido das amoestacións que supuxeron a súa derivación á AC (ex.: autocontrol, respecto cara a compañeiros ou outros membros da comunidade, resolución de conflitos, etc.), aspecto que será previamente determinado na 1ª reunión.

f) O/a profesor/a de garda da AC deberá asinar e detallar as observacións relativas á actitude, á disposición e á realización das tarefas por parte do/a alumno/a, nun dossier destinado a tal fin.

g) O número máximo de alumnos/as que serán derivados simultaneamente á AC será de 3.

5.9.2.- Profesorado que atenderá a aula de convivencia

a) Atenderá a aula de convivencia unha/un profesora/or das/os que nesas horas en concreto estean de garda, a poder ser con compromiso con este programa (de non ser así, a Xefatura de Estudos determinará o/a profesor/a de entre os que estea de garda nesas horas), persoal do Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos, os cales serán coñecedores dos motivos polos cales está alí o alumnado e colaborarán no proceso de reflexión do mesmo, supervisarán as tarefas académicas e axudaralles na resolución das súas dúbidas ou dificultades na medida do posible.

b) Creación da figura “Coordinador de aula de convivencia”, por delegación da Xefatura de Estudos, que podería ser a persoa coordinadora da convivencia do centro.

5.9.3.- Programación das actuacións do Departamento de Orientación para favorecer o proceso de reflexión do alumnado

a) Axudará ó/á alumno/a a realizar o seu proceso de reflexión.

b) Dotará a AC de material técnico específico para traballar contidos ou programas adaptados ao alumnado.

c) Elaborará e poñerá en marcha o Programa de Habilidades Sociais dirixido ao alumnado reincidente, tal e como se recolle no **Decreto 8/2015** de convivencia e no **Decreto 229/2011** de atención á diversidade.

5.9.4.- Horario, localización e materiais didácticos

a) En función dos recursos humanos dos que dispoña o centro estableceranse os días e o número de sesións para o seu funcionamento.

b) A aula de convivencia estará ubicada na aula do desdobre 4.

c) Material didáctico: consideracións ou fichas que axuden á reflexión, dossier de seguimento e rexistro do alumnado que acode á aula de convivencia, material específico do Departamento de Orientación e tarefas a realizar propostas polo profesorado das distintas materias.

5.10.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.

Como parte do Plan de Convivencia e segundo o establecido no **Decreto 8/2015** de convivencia no seu artigo 24: “O departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente”.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o Departamento de Orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias e, no seu caso, aos servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Ademais, na Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado da ESO, na disposición oitava establécese que o Departamento de Orientación elaborará un programa básico de habilidades sociais, que contemple tamén actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autocoñecemento e a mellora da autoestima; programa que se incorporará ao plan de acción titorial, de tal xeito que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e enfrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.

5.11.- ANPA

Intentarase, xa que actualmente non existe, organizar aos nais e pais de alumnos/as do IES do Camiño en torno a unha Asociación de Nais e Pais, constituída co obxecto de acadar as mellores condicións que favorezan a formación integral dos/as fillos/as estudantes de Secundaria, BAC e FPB e unha boa preparación para o seu futuro profesional e de beneficio á comunidade. Como tal organización e no que a convivencia no centro respecta, fomentará os valores de defensa da dignidade, a paz e a democracia, sendo activa na axuda á resolución dos conflitos e na elaboración de medidas preventivas. Os/as pais/nais ou titores/as legais do alumnado do centro teñen garantida a liberdade de asociación segundo os termos previstos na LODE (art. 5).

5.12.- ESCOLA DE NAIS E DE PAIS

O IES do Camiño facilitará e impulsará a creación dunha escola de nais e pais, de ser o caso e levarse a cabo procurará:

a) Promover a participación consciente no proceso de ensino aprendizaxe dos seus/súas fillos/as, recoñecendo o seu papel fundamental como axentes educativos dentro dunha comunidade.

b) Promover o coñecemento das características e das necesidades dun adolescente para entender o proceso de desenvolvemento polo que está a pasar seu fillo ou filla e facilitar o seu crecemento integral.

c) Promover o coñecemento das situacións de risco nas que se poden atopar os seus fillos ou fillas.

d) Dotar aos pais e nais de ferramentas e estratexias que lles permitan afrontar as dificultades e problemas que poidan xurdir dentro do ámbito familiar.

e) Asesorar no deseño e desenvolvemento de iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, melloralas e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. Estas propostas deberán ser elevadas ao Consello Escolar do centro e serán recollidas na memoria anual da Comisión de Convivencia.

Directrices para o seu funcionamento:

a) Aínda que a escola de nais e pais xorde como iniciativa do IES do Camiño, na que entran a formar parte o Equipo Directivo e o Departamento de Orientación, queda aberta a que a ANPA do centro, se chega a formarse como tal, participe activamente na súa organización.

b) No mes de setembro o Equipo Directivo xunto con Orientación convocará unha reunión á que serán invitados/as pais/nais que queiran participar na organización da escola.

c) Nesta primeira xuntanza estableceranse os criterios de actuación para o presente curso académico, a data e hora na que se celebrarán as xuntanzas de nais e pais, así como a proposta de traballo para o primeiro trimestre.

d) No mes de decembro manterase outra reunión por parte do equipo organizador da escola de nais e pais no que se fará unha primeira valoración das xornadas así como unha proposta de actuación para os dous seguintes trimestres.

e) No mes de xuño propórase ás nais e pais participantes facer unha avaliación das xuntanzas e unhas propostas de mellora para o vindeiro curso.

f) Sen descartar outras posibles vías de financiamento, inicialmente a escola de nais e pais do IES do Camiño contará cunha dotación dentro do orzamento do centro.

5.13.- PLAN DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO DE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

Ademais de contar co programa de **Titoría Entre Iguais (TEI)** como instrumento primeiro neste tema, cando os casos se produzan fóra do ámbito que abarca o devandito programa, ou fosen o lonxe suficiente como para extralimitalo, empregárase o **PROTOCOLO XERAL PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO E CIBERACOSO ESCOLAR**, elaborado e facilitado pola Administración Educativa, normativo e orientativo:

<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

Primeiramente débense intentar diferenciar claramente os casos de acoso doutro tipo de manifestacións violentas. As situacións de acoso veñen definidas (como no punto 5.2 se tratou na exposición do **TEI**) pola coincidencia simultánea de: intención manifesta da persoa acosadora de facer dano, condutas agresivas reiteradas por parte da persoa acosadora e notorio desequilibrio de forzas entre a persoa acosadora e a vítima.

Calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento da Dirección do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta

clase. Tras a detección realizarase unha recollida de información e contraste da mesma que permita tomar a decisión máis axeitada en cada caso concreto e verificar que se trate dunha situación de acoso escolar.

Aínda que os modelos preventivos de carácter xeral no ámbito de centro e de aula son a mellor vía para que os problemas de convivencia se reconduzan de xeito positivo e se garanta unha axeitada convivencia escolar, en ocasións, xorden episodios graves coma o acoso.

Unha vez detectados indicios da existencia no centro dunha posible situación de acoso escolar, é necesario coñecer cales son as medidas que deben ser adoptadas, posto que unha intervención rápida e efectiva que implique a toda a comunidade escolar (alumnado, familia e docentes) pode evitar un agravamento da situación. Para isto, é conveniente ter establecido un claro plan de actuación onde se recolla un conxunto de medidas destinadas a frear e paliar a situación de acoso.

O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido, tanto no que se refire ao alumnado implicado (víctima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias.

O seguimento dun protocolo estandarizado é prescricional para os centros escolares e contribúe a organizar a intervención, concretando as fases e dimensións que se deben prever e proporcionando pautas de actuación ou orientacións en situacións nas que se require un procedemento sistemático para a identificación e resolución do problema.

Este protocolo, ao igual que calquera outro, precisa da corresponsabilidade da comunidade educativa na xestión dos conflitos.

A/O orientadora/or do centro actuará, a instancias da Dirección, en todo ou parte do procedemento, facendo labores de asesoramento e apoio.

O centro arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas terase en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación coa idea de adaptalas ás particularidades de cada caso. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, cos agresores e coas persoas observadoras en particular; e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa. Involucrarán a todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente á resolución do caso: Equipo Directivo,

titorías, profesorado, Departamento de Orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, Servizos Sociais, Fiscalía de Menores...

A información que figure en todos os documentos empregados e que se recolla nas diferentes fases do protocolo terá carácter **confidencial**.

5.14.- ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR

Entendemos que a formación en materia de convivencia non debe atinxir unicamente ao profesorado do centro, aínda que este sexa unha das pezas fundamentais que sustentan este programa, senón que tamén abrangue ó resto da comunidade educativa que entra a formar parte das canles articuladas no presente plan para a mellora da convivencia no centro. Especial importancia teñen as familias, pois elas son o alicerce na formación afectiva e emocional do alumnado.

a) Acudiremos ás diferentes modalidades de formación en centros (os plans de formación permanente do profesorado, os grupos de traballo, etc.) que pon á nosa disposición o CAFI para promover accións dirixidas especificamente a mellorar a súa formación no ámbito da educación para a cultura da paz, a igualdade entre mulleres e homes, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

b) Avanzaremos nun formato de formación do profesorado que combine o traballo en rede presencial co traballo en rede virtual, co fin de garantir unha maior participación e facilitar o acceso a toda a información que se está a manexar.

c) Nomearase por parte da dirección a un profesor ou profesora coordinador/a da formación que se pretenda levar a cabo no centro, que recolla as inxerencias neste tema do claustro ou de calquera membro da comunidade educativa.

d) Por outra banda, solicitaremos ó CAFI a formación do alumnado que forme parte do programa de mediación.

d) Durante o primeiro trimestre, o equipo de mediadores/as (en canto o poidamos ter) intentaremos que reciba unha formación adecuada á súa idade e á función que van desempeñar. Esta formación podería correr a cargo do/a orientadora/o do centro ou de formadores externos especialistas na materia.

e) Ampliarase a dita formación ás familias, titores/as legais e calquera outro membro da comunidade educativa que queira participar no plan de mediación.

f) Se forman parte do equipo de mediación, a formación será a mesma que a recibida por parte doutros adultos da comunidade educativa.

g) A través da Escola de Nais e Pais organizaranse periodicamente charlas formativas arredor de, entre outras moitas, esta temática.

5.15.- PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O plan de actividades complementarias e extraescolares que se propón no IES do Camiño está deseñado para contribuír á formación integral do alumnado e dinamizar a participación dos distintos membros da nosa Comunidade Educativa. A programación e o desenvolvemento das ACeE intégranse adecuadamente no conxunto das actividades educativas que se realizan no centro e van dirixidas a potenciar a adquisición das distintas competencias clave do alumnado, en consonancia coa nova formulación educativa que centra a atención na actuación do alumnado, e en consecuencia prima a importancia do que é quen de facer e resolver en situacións prácticas, reais ou simuladas, e non tanto o que sabe; incluíndo de maneira explícita actuacións educativas para saber ser ou estar.

6. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

É unha comisión delegada do Consello Escolar. Ten carácter consultivo e velará polo cumprimento do recollido neste Plan de Convivencia.

Está composta polas seguintes persoas:

- O/A Director/a (preside esta comisión).
- O/A Xefe/a de estudos.
- A orientadora do centro.
- A persoa coordinadora de convivencia no centro como representante do profesorado.
- Un representante do alumnado.
- Un representante do persoal da administración e servizos.

As **funcións** desta comisión son as recollidas no apartado 4 do Artigo 6 do **Decreto 8/2015**, que xa foron expostas no **apartado 1.3.7** deste Plan de Convivencia. Ademais, como normas de funcionamento básico, teranse en conta as seguintes:

- a) Reúnese no horario que se adopte cando sexa convocada.
- b) Debe facer propostas de medidas correctoras de carácter educativo.
- c) Debe ter autonomía para poder optar por decisións inmediatas.
- d) Cando as propostas de medidas correctoras sexan de carácter leve ou a gravidade dos feitos non o requira, por motivos de operatividade, poderá delegar nunha subcomisión formada polo director/a, o/a xefe/a de estudos, a/o orientadora/or e a/o coordinadora/or da convivencia do centro. Sendo informada a Comisión na xuntanza seguinte máis próxima das decisións tomadas.

7.- DIFUSIÓN DO PLAN

O Plan de Convivencia e as Normas de Organización, Funcionamento e de Convivencia (NOFC) serán difundidos entre toda a comunidade. Faranse extractos para facilitar a súa lectura e traballo.

- a) Depositáranse copias en dependencias do centro e entregáranse exemplares a representantes dos sectores educativos.
- b) Entregaráselle unha copia ao profesorado no claustro de inicio de curso.
- c) Trataranse nas titorías baixo o Plan de Acción Titorial (PAT).
- d) Informarase sobre os aspectos máis salientables dos mesmos ás familias na reunión inicial de cada curso. O profesorado titor poñerá a disposición das familias unha copia.
- e) O Secretario do centro fará entrega dunha copia das normas ao persoal non docente.
- f) Publicáranse na páxina web do centro.

8.- SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN

A Comisión de Convivencia do IES do Camiño realizará unha avaliación do Plan de Convivencia e das Normas de Organización, Funcionamento e de Convivencia para introducir

as modificacións oportunas. Esta avaliación basearase sobre todo na memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na que se reflectan as iniciativas a nivel de centro sobre a materia. Nesta memoria terá oportunidade de participar toda a comunidade escolar.

Os órganos colexiados de goberno do centro teñen unha gran responsabilidade na acción de detectar as súas necesidades de mellora e propoñer emendas que revertan nunha mellora constante do clima de convivencia escolar.

A través Xunta de Delegados/as o Equipo Directivo recollerá as suxestións do alumnado relativas á convivencia. Será entón o Equipo Directivo o encargado de propoñer as correccións que se acorden aos demais membros da comunidade educativa nos órganos pertinentes. A Xunta de Delegados/as será tamén fonte de información e debate daqueles aspectos que afecten ao conxunto do alumnado.

As reunións de claustro servirán tamén para a presentación e debate das suxestións do profesorado en relación á convivencia. O Equipo Directivo encargarse entón de informar dos seus acordos aos demais órganos de goberno do centro.

Ademais, os membros da comunidade educativa terán en todo momento a posibilidade de trasladar as súas suxestións sobre a convivencia por medio dos seus voceiros nos órganos de goberno e outras canles de comunicación como a caixa de suxestións ou mesmo a través da Escola de Nais e Pais do IES do Camiño, se esta se constituíse.

O Equipo Directivo dará conta á Comisión de Convivencia das decisións disciplinarias que tome.

En base a toda esta información, a Comisión redactará o seu informe anual sobre a situación da convivencia no centro, propoñendo cantas medidas estime oportunas para a súa mellora. O equipo directivo trasladará as conclusións deste informe - que será incluído na Programación Xeral Anual - á Xunta de Delegados/as, ó Claustro e ao Consello Escolar, sendo este último quen avaliará o informe para que o director faga as aprobacións oportunas e quen estimará a conveniencia de realizar modificacións no Plan de Convivencia, nas NOFC ou en calquera outro documento do centro, sempre co obxectivo de mellorar a convivencia escolar.

Terase en conta para a valoración do estado da convivencia no IES do Camiño:

a) Datos aportados pola consellería sobre a diagnose e seguimento da convivencia escolar a través dun cuestionario de recollida de datos dos distintos sectores da comunidade educativa (dirección, alumnado, profesorado, familias e persoal non docente).

b) Análise dos informes de Xefatura de Estudos sobre as incidencias ocorridas no curso escolar.

c) Valoración de Vicedirección sobre diferentes programas de actividades complementarias e extraescolares levadas a cabo nos últimos catro cursos escolares.

d) Estudo das actas de avaliación, propostas de mellora dos departamentos didácticos e do Departamento de Orientación realizadas en CCP (programación, metodoloxía, organización escolar e o contorno do alumnado) e conclusións das reunións da Xunta de Delegados/as.

O presente Plan de Convivencia foi avaliado positivamente e obtivo a aprobación do Consello Escolar do centro en reunión ordinaria celebrada no IES do Camiño o día 26 de xuño de 2019.

O Plan de Convivencia foi aprobado polo director do instituto o día 26 de xuño do 2019. co visto bo do Claustro de profesores e profesoras e o Consello Escolar.

Palas de Rei. 26 de xuño de 2019.

O Director,

Asdo.: Fernando García Penas